



Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica que proporcione asesoramento e formación ós promotores de proxectos produtivos da convocatoria de 2019

Xustificación

O GALP COSTA SOSTIBLE, respondendo ao seu compromiso de responsabilidade social, económica e ambiental co seu entorno, colabora cos promotores dos proxectos seleccionados na convocatoria anual de proxectos segundo a Orde do 21 de Decembro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas para proxectos ao abeiro das EDLP aprobadas aos GALP para o desenvolvemento sustentable das zonas de pesca no marco do FEMP. Para elo, o GALP ofrece un programa de seguimento dos proxectos aprobados cun dobre obxectivo:

- Acompañar tecnicamente aos beneficiarios da convocatoria na execución e posta en marcha das súas iniciativas.
- Contribuír á xeración e medición do impacto responsable das iniciativas financiadas a corto, medio e longo prazo.
- O GALP avanza en deseñar instrumentos e ferramentas de apoio que consisten en:
 - Asesoramento técnico individualizado no proceso de execución e posta en marcha do proxecto.
 - Formación grupal. Mediante talleres presenciais
- Neste marco, o GALP COSTA SOSTIBLE solicita unha proposta de colaboración profesional na implementación dos instrumentos anteriores.





Obxecto da proposta presentada

Contribuír e fomentar a implementación efectiva e responsable dos proxectos financiados pola convocatoria de referencia, nestes intres un total de cinco, coa posibilidade de incorporarse a esta formación dous máis, dependendo dos resultados da convocatoria de setembro. Dita incorporación tería lugar no mes de xaneiro .

Isto lograrase a través do **asesoramento especializado no ámbito da xestión e planificación de distintos establecementos de hostalería, e a aplicación da responsabilidade social corporativa nestes modelos de planificación .**

Procurarase un programa de asesoramento aos promotores que terá os seguintes compoñentes:

- **Asesoramento individual (por proxecto):** asesorarase aos promotores no campo da posta en marcha e planificación dos seus establecementos acolléndose a casuística de cada un, neste caso trátase de tres establecementos de aloxamento en proceso de creación, un establecemento de restauración xa en funcionamento, e unha central de servizos centrada na Costa da Morte.
- *No caso das posibles incorporacións estase a falar de dúas empresas de oferta complementaria centrada nas actividades náuticas, unha delas con aloxamento incluído*
- **Formación – talleres especializados.** Ofreceranse catro talleres especializados nos que participarán todos os promotores. Trátase de fortalecer tecnicamente aos promotores dos proxectos, e promover ademais o traballo en rede entre os diferentes proxectos. Estes talleres levaranse a cabo nas instalacións de distintos proxectos financiados polo Galp, ou anterior Gac, co obxecto de enriquecer a formación e as sinerxías entre os distintos promotores.
- **Estes talleres versarán sobre:** Identidade do ámbito territorial do Galp dentro da posta en marcha dos establecementos, Aplicación da responsabilidade social corporativa e empresarial no





Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

desenvolvemento das súas iniciativas, Nocións básicas de xestión empresarial e un último taller cuxa temática será a decidir polos participantes no programa , ,

As partes deste programa de asesoramento foron consensuadas cos distintos participantes e atenden as carencias manifestadas polos mesmos.

Contido das propostas

Unha breve memoria técnica na que o licitante exporá a súa maneira de dar forma e concretar cada unha das partes do programa de asesoramento especificando a forma de impartir o asesoramento individual e a composición dos tres talleres especializados.

Orzamento, onde aparecerá especificado o **prezo do servizo de asesoramento por proxecto** co IVE desagregado. Neste prezo deberán contemplarse as dúas posibles inclusións da convocatoria de setembro

Requisitos:

- Os distintos licitantes acreditarán a súa solvencia técnica de xeito que quede latente a súa capacidade para desenvolver o contrato.
- Acreditarán a súa capacidade para contratar mediante unha declaración responsable e cumprimentando o anexo II que acompaña a estas bases.
- Acreditarán así mesmo que non existe ningún tipo de vinculación coa entidade contratante.

Prazo e forma de presentación:

- As propostas presentaranse no rexistro do GALP Seo Fisterra Ría Muros Noia sito na Rúa Matadoiro da localidade de Noia, ou por correo ordinario, neste caso serán adiantadas por correo electrónico ó enderezo galp.mar.costasostible@xunta.gal
- O prazo de presentación rematará no prazo de 15 días naturais contados a partir do día da publicación destas prescricións técnicas.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

galicia



Prazo de execución:

O asesoramento concentrarase en oito meses concretamente dende o 1 de Novembro deste ano ata o trinta de xuño, o remate do mesmo poderase estender si a empresa prestataria do servizo así o considera necesario. No caso das empresas que se inclúan no mes de xaneiro o asesoramento estenderase ata o trinta e un de agosto, ou trinta de setembro no caso de considerarse o mes de agosto non lectivo.

Prezo do contrato

- O prezo máximo do contrato será de 14.990,00€ (IVE engadido)

Valoración das ofertas

- O servizo de asesoramento adxudicarase a proposta máis vantaxosa economicamente

Relación de proxectos produtivos aprobados na convocatoria de marzo do ano 2019. Que asumiron o compromiso de formación

Proxecto	Localización	Data Inicio Actividade
Hotel Do Porto	MUROS	Outubro 2020
Hotel Mar do Ezaro	DUMBRIA	Outubro 2020
Hotel Meiga do Mar	CARNOTA	Outubro 2020
Centro de información ao peregrino e restaurante de degustación Costa da Morte	DUMBRIA	Outubro 2020
Restaurante O Neixon	CARNOTA	En funcionamento

En Noia a 30 de setembro de 2019

Manuela Oviedo Hermida
Xerente Galp Costa Sostible

